

## HORARIO

Lectivo: de 09:30 a 14:30 horas.

## SERVIZOS COMPLEMENTARIOS

**Transporte escolar** en entrada e saída.

**Madrugadores:** de 07:30 a 09:00 horas, de luns a venres (con posibilidade de almorzo).

**Comedor:** de 14:30 a 16:30 horas, de luns a venres.

## EXTRAESCOLARES

De 16:30 a 18:30 horas.

### Actividades

Patinaxe   Atletismo   Baloncesto

## ANPA DO CEIP DE VITE

**Teléfono:** 657 149 537

**E-mail:** anpavite1@gmail.com

## INNOVACIÓN EDUCATIVA

AbalarMobil

Contratos Programa:

- CPinlúe
- CPinova

Proxecta+

Reforzo educativo

## INSTALACIÓN

Aulas dixitais

Aula multisensorial

Aula de cocifa

Laboratorio

Dpto. de Orientación

Aula de música

Aulas de PT/AL

Aula de relixión

Aula de inglés

Aula de psicomotricidade

Aulas de desdobres

Biblioteca

Salón de actos

Baños adaptados

Pavillón Polideportivo

Horto escolar



# Benvidas e benvidos ao CEIP de Vite I

881 867 834

Avda. Burgo das Nacións, s/n  
15705 Santiago de Compostela

ceip.vite1@edu.xunta.gal

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipvite1/>



## Que escola somos?

### Familiar

Somos unha gran familia. Coñecemos todas e todos. Os nosos discentes relaciónanse dentro e fóra do colexio: nas rúas, nos parques e nas prazas do barrio de Vite.

### Respectuosa

Fomentamos a tolerancia, a participación e cooperación entre todos os membros da nosa Comunidade Educativa. Comunicámonos coas nosas familias: titorías, ANPA, Consello Escolar, AbalarMóbil, páxina web...

### Inclusiva e integradora

Atendemos as diferenzas individuais porque as vemos como un reto. Ofrecemos as mesmas oportunidades para todas e todos (programas de reforzo tanto do centro como da RedeVite, apoios...).

### Innovadora

Apostamos con decisión por proxectos de innovación educativa e pola integración das novas tecnoloxías.

### Potenciadora

Potenciamos o desenvolvemento persoal, a autonomía e autoestima, a igualdade entre homes e mulleres, a responsabilidade e o esforzo nun clima de convivencia positiva e construtiva.



## Queres visitarnos?

Solicita a túa visita guiada e individualizada para coñecernos.

Nestes momentos, a saúde de todas e todos supón para nós unha prioridade.

Durante os dous últimos cursos, o CEIP de Vite I está aplicando estritos protocolos de prevención fronte a COVID-19 e, durante a túa visita tamén o faremos.

**Temos moitas ganas de contarche como traballamos.**

Queremos que coñezas cal é a nosa metodoloxía, cales son as nosas instalacións, que servizos ofrecemos. En definitiva, queremos que te sintas tan orgullosa e orgulloso coma nós de poder dicir "Eu son de Vite".

Escríbenos un correo a [ceip.vite1@edu.xunta.gal](mailto:ceip.vite1@edu.xunta.gal) ou chámanos ao número de teléfono **881 867 834** para solicitar a túa cita.